



Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria

---

Señores da Comisión Interuniversitaria de Galicia,

Somos a asociación que representa ao profesorado que imparte a docencia das materias da especialidade de Economía no ensino secundario, en Galiza.

Visto o documento que remitiron aos centros no que establecen os valores de ponderación das materias da Fase Específica, das probas de acceso á universidade do curso 2009-2010, para a admisión a estudos universitarios de Grao do SUG; observamos con estupor, como a materia "Economía da empresa" de 2º curso de bacharelato, está ponderada co valor mínimo (0,1) en tódolos casos.

Resulta aínda máis sorprendente que precisamente nos graos de Administración e Dirección de Empresas, nos de Economía, ou en Ciencias Empresariais, do SUG, se lle dea a máxima ponderación a materias tales como "bioloxía", "física", "química", ou mesmo "xeografía", en detrimento dos estudantes que cursaron as materias de economía ao longo do bacharelato. Máxime cando nunha recente reunión da CONFEDE (Conferencia española de decanos de economía y empresa), acordaron por unanimidade propoñer, que á materia "economía da empresa" se lle dea a ponderación de 0,2 en toda España.

Ocorre o mesmo noutros estudos nos que unha boa preparación económica, resulta fundamental: Grao en Ciencia Política e da Administración, en Dereito, en Periodismo, en Publicidade e Relacións Públicas, en Relacións Laborais e Recursos Humanos, en Turismo, ou en Dirección e Xestión Pública.

Vai ser difícil explicarlles aos nosos alumnos, e ás súas familias, que para poder matricularse nos graos anteriormente citados, terán moitas máis probabilidades se cursan no bacharelato materias tales como bioloxía, antes que as propias de economía.

Non é de recibo xustificar esta actuación, baseándose en que a materia de "economía da empresa" non estaba vinculada a ningunha vía de acceso, debido a que coa antiga normativa (a LOXSE), existían itinerarios pechados no bacharelato, e o alumnado estaba obrigado a cursar as materias de economía necesariamente, independentemente

do sistema de ponderación das PPAU. Coa nova normativa (a LOE), o alumnado é libre de escoller, ao matricularse, entre un número moi elevado de materias de modalidade. É lóxico pensar que na súa elección de matrícula o que máis vai pesar, será o valor que cada unha das materias teña nas ponderacións que se lle asignen nas PPAU.

Consideramos esta actuación da CIUG como un ataque sen precedentes á especialidade de economía en secundaria, e mesmo pon en perigo o noso futuro profesional en Galiza. Non entendemos esta decisión tomada por vostedes, nin tampouco a entenden nin comparten os Decanos das facultades de economía e empresa das tres Universidades galegas. Así nolo fixeron saber dona Maite Cancelo, don Gustavo Rego, e don Santiago Gómez, nunha recente reunión que con eles mantivemos, onde nos brindaron todo o seu apoio.

Esperamos que remitan aos centros novas instrucións, subsanando este erro manifesto, utilizando a máxima ponderación (0,2) para a materia "economía da empresa" en tódolos graos que se citan neste documento, e nos que unha boa base económica resulta de todo necesaria.

De non obter unha resposta positiva, veríamonos obrigados a iniciar unha campaña informativa, para poñer en coñecemento de toda a sociedade galega, a través dos medios de comunicación, esta evidente falta de coherencia por parte da CIUG. Tamén daremos conta a institucións, e á propia administración galega.

O Presidente da Asociación

En Ourense, a 30 de Xuño de 2009

Asdo. Francisco Javier González Álvarez